Cooperativismo e Economía Social, nº. 19 (1999), pp. 157-161. Universidade de Vigo

A EXPERIENCIA DE COLABORACIÓN DA UNIVERSIDADE DO VAL DO RÍO DOS SINOS (BRASIL) COAS INICIATIVAS DE ECONOMÍA SOCIAL DO SEU CONTORNO

Javier LORENZO PANIAGUA
Universidade de Vigo

SUMARIO: Intento reflexar de maneira moi resumida a experiencia vivida na Universidade do Val do Río dos Sinos (Brasil). En concreto a forma de cooperación existente entre a Universidade e os proxectos de economía social que nacen dos traballadores do Estado de Porto Alegre como alternativa á súa situación actual. Merece especial atención a implicación da Universidade nestes proxectos ós que aporta a súa capacidade técnica e non pouco entusiasmo. Probablemente se poidan extraer ideas que provoquen a nosa admiración e sirvan de reflexión acerca do que estamos a facer e do que poderiamos facer na nosa universidade.

SUMARIO: Intento reflejar de manera muy resumida la experiencia vivida en la Universidad del Val do Río dos Sinos (Brasil). En concreto la forma de cooperación existente entre dicha Universidad y los proyectos de economía social que nacen de los trabajadores del Estado de Porto Alegre como alternativa a su situación actual. Especial atención merece la implicación de la Universidad en estos proyectos a los que aporta su capacidad técnica y no poco entusiasmo. Probablemente se puedan extraer ideas que provoquen nuestra admiración y sirvan de reflexión acerca de lo que estamos haciendo y de lo que podríamos hacer en nuestra universidad.

SUMMARY: I am trying to reflect in a very brief way the experience I enjoyed at the University of Val do Río dos Sinos (Brasil), actually the ways of cooperation which exist between that university and the social economy projects created by the workers from the state of Porto Alegre as an alternative to their current situation. The implication of the university deserves special mention because of its technical capacity and great enthusiasm. We may extract ideas which will admire us and become food for thought about what we are doing and what we could do at our university.

Con esta breve intervención intento expoñe-los principios que inspiran a vocación cooperativa do grupo de traballo da Universidade do Val do Río dos Sinos con aquelas iniciativas de promoción económica e social que protagonizan os colectivos de traballadores do Estado de Porto Alegre, así como as accións concretas nas que se materializan eses principios e os resultados obtidos. Parto do convencimento de que a pesar da distancia que separa os nosos países e as nosas respectivas realidades, a experiencia non só é perfectamente extrapolable, senón que debe selo a teor dos resultados conseguidos. Quero tamén manifesta-la miña admiración por tantos traballadores, profesores e

cooperativistas, que con enorme esforzo e coraxe buscan algo tan sinxelo e complicado á vez coma unha vida mellor, unha realidade máis xusta, unha oportunidade para si e para os seus semellantes.

Narro a experiencia vivida con eles durante case un mes coa modesta intención de conta-lo que vin e o que vivín e que quen non tivo ese privilexio pode, polo menos, saber que os problemas non son tan diferentes pero que as solucións ou respostas a tales problemas si poden selo, basta a vontade e a imaxinación. Quero así mesmo facer un chamamento á nosa universidade para que se implique coa realidad dos máis débiles, para que concentre o seu recurso alí onde máis se necesita. Recurso modesto pero vital, crítico: o coñecemento.

Froito da inquedanza de varios profesores da universidade nace en 1975 a área de cooperativismo na Unisinos. Pretende dar resposta ás inquedanzas dos colectivos de traballadores que buscan materializar unha idea nunha empresa a fin de que, no inmediato, lles sirva de sustento e ademais como medio de promoción e formación.

Unisinos ofrece desde entón un servicio de asesoramento, formación e tutorización de proxectos para os que se solicita a colaboración do equipo de cooperativismo da universidade. Non só dos que nacen. Se o empeño ten éxito, creáronse as condicións para que a relación sexa permanente. Todos sabemos o difícil que é converter unha idea de empresa en realidade, resolve-los problemas iniciais, busca-lo mercado e o financiamento, converterse en emprendedor xunto con outros en lugar de esperar a que unha empresa te contrate. Todos coñecemos excelentes ideas desenvolvidas por persoas laboriosas e competentes no seu que fracasan por non teren a información axeitada, por non teren o soporte técnico correcto, por non recibiren o consello e a axuda no momento oportuno.

Cando unha sociedade deixa morrer estas iniciativas está a desperdiciar un enorme potencial de promoción dos seus membros que son, sen dúbida, os seus elementos máis dinámicos.

Este derroche de recursos débese considerar un luxo en calquera sociedade, pero probablemente maior en Brasil, onde as condicións de desenvolvemento, as posibilidades de traballo alternativo dos colectivos máis desfavorecidos e a asistencia do estado son ínfimas á comparanza de Europa.

Por iso a Unisinos ataca o problema no momento de maior debilidade estratéxica: cando a empresa nace e unha enorme distancia separa a idea da realidade. De maneira totalmente desinteresada mantén un gabinete permanente formado por un corpo administrativo, un cadro de profesores de universidade (profesores de dereito, de administración de empresas, de doctrina cooperativa, de economía rural e cooperación, etc.) e a correspondente infraestructura física. A diferencia do que sucede aquí, asesorar ás cooperativas nas súas respectivas áreas forma parte do seu traballo como profesor da

mesma maneira que as clases que imparten. A Unisinos inclúe entre as actividades a desenvolver polos profesores a asesoría a cooperativas existentes ou que se queiran formar.

Pasado o momento inicial da cooperativa, a relación mantense e o gabinete permanente está ó dispor para responder a unha ampla variedade de temas: investimentos, busca do financiamento axeitado, cálculo de custos, técnicas de producción, decisións de ampliación, busca de mercados, acordos coutras cooperativas, compras, etc. Se hai algún problema ou existe algunha dúbida, antes de tomar unha decisión precipitada que poida compromete-lo futuro da cooperativa, o movemento cooperativo sabe a que porta petar.

Existe un especial interese polo pequeno productor rural: arestora desenvólvense proxectos de ecoagricultura destinados a obter un maior valor engadido de pequenas explotacións, dotar ás poboacións do rural dos subministros indispensables: auga, electricidade, etc., compras conxuntas de factores a fin de obter uns custos máis axustados, utilización conxunta de equipos de custos inalcanzables para os pequenos agricultores.

Nun contexto no que os xuros rondan o 50 % anual faise fácil comprender que os proxectos de desenvolvemento que necesitan financiamento externo teñen unha difícil viabilidade, por iso as cooperativas prestan ós seus asociados as cantidades necesarias para financiar sementes, útiles, etc. hata que a colleita permite reembolsar o préstamo, pago que se realiza á cooperativa en especies.

Mentres en Europa se marxina ó pequeno gandeiro a fin de racionalizar custos de transporte e favorece-los investimentos en equipos (sistema de cotas) primando as grandes explotacións, en Porto Alegre apóiase a pequena explotación: o contrario suporía condenar á miseria á mayor parte dos membros da cooperativa: mantéñense as recollidas de leite de pequena cantidade, avántase escalonadamente, sen solucións traumáticas, sen marxinación, cara o tamaño óptimo das explotaciones, a racionalización do transporte, os investimentos en ordeñadoras e tanques de frío.

Os socios acceden, a través da cooperativa, á prestación de servicios conxuntos e especializados: veterinaria, reproducción e cría, transformación do leite por parte da cooperativa a fin de evita-la dependencia da agroindustria, a busca de maior valor engadido dos derivados lácteos mediante o desenvolvemento de novos productos, tales como postres, a integración vertical cara adiante como resposta estratéxica: evitar caer en mans non só dunha poderosa industria transformadora senón tamén das grandes cadeas de distribución fronte á que os elos anteriores da cadea de actividades teñen un nulo poder negociador. Por iso o movemento cooperativo dispón dunha rede de puntos de venda (supermercados) onde se venden os productos da cooperativa directamente ós consumidores, xunto cos productos doutras cooperativas e tamén de empresas non cooperativas.

Non descubro nada novo se digo que se as ideas son importantes, non o son menos os recursos que se necesitan para convertelas en realidade. O financiamento das actividades das cooperativas ven constituíndo dende sempre un tema central: resolve-la paradoxa de cómo os enormes recursos xerados pola súa actividade non reverten no sistema cooperativo polo escaso atractivo que representa para os financiadores clásicos. A solución dada en Porto Alegre non é novidosa, o sorprendente é a enorme forza que adopta: só no Estado de Río Grande do Sul existen 49 cooperativas de crédito que toman aforro e prestan ó sistema. Desta maneira asegúrase que os recursos xerados polos socios permanecen no sistema e axúdano a medrar. A un extraño a actividade das oficinas resultalle impresionante: o número de empregados dunha oficina central é similar ó dunha oficina principal de calquera entidade nunha cidade coma Vigo, o nivel de informatización é alto e a solvencia da entidade asegúrase pola exigencia legal de dispor de determinado nivel de recursos propios, o que se logra, en moitos casos, con fusións entre cooperativas de crédito.

Así mesmo as autoridades locais intentan, dentro das súas posibilidades, crea-las condicións axeitadas: comunicacións, locais de uso común, lideran....

Se ben as cooperativas agrarias ocupan un lugar moi destacado, a Unisinos presta tamén os seus servicios de formación e asesoramento a cooperativas do sector industrial, de servicios médicos, de ensino, de artesáns, de usuarios de servicios de saúde, etc.

Como espuxen enriba, se a Universidade se implica, créanse as bases para unha relación beneficiosa para ambas partes no longo prazo: a cooperativa ábrese ós alumnos da Universidade e, periodicamente, é visitada por éstes a fin de lles ensina-lo funcionamento da instalación pero tamén os principios que o rexen: toma de decisións democrática, rendición de contas, etc. O que en España podería resultar unha molestia, unha perda de tempo, en Brasil supón un investimento: fórmanse os técnicos do mañán, despértanse vocacións e créase unha actitude favorable cara a cooperativa (un labor de promoción comercial moi barato e imaxinativo).

A Unisinos é consciente da importancia do recurso que pon en xogo, a formación. Por iso imparte cursos de formación de moi variada duración e adaptados ás posibilidades de tempo dos destinatarios. A eles non só acuden os estudiantes da universidade ou os técnicos das cooperativas. Hai unha énfase especial pola difusión: enténdese que aquelas persoas que polo seu traballo están en "primera líña do lume", as máis próximas á realidade, teñan polo menos unha pequena base de coñecementos. Os axentes de desenvolvemento local, funcionarios municipais, relixiosos, líderes sindicais e de asociacións de barrio, etc. convértense nas extremidades do movemento e o seu traballo é esencial porque son os que están en contacto directo coa realidade, son os que detectan as necesidades e encanan as solucións. Trátase de convertelos en difusores, multiplicadores, de crear rede.

Como soporte a Unisinos dispón dunha das bibliotecas de cooperativismo mellor dotadas de América Latina, con case 3.000 títulos, entre os que é fácil atopar publicacións en español debido ó interese que desperta a nosa experiencia nestes temas.

Así mesmo manten a comunicación do movemento coa publicación dunha revista semestral e ten abertos numerosos proxectos de investigación que deben reverter nun mellor coñecemento e funcionamento das empresas: banco de datos, compras comunitarias, a participación nas asociacións de barrio, participación dos socios nas cooperativas rurais, indicadores de eficiencia económica e social nas cooperativas, etc.

A Universidade considera que a implicación coa sociedade á que pertence forma parte da súa razón de ser. Non se podería entender un elevado grao de excelencia na docencia e a investigación mentres orredor dela persisten amplas bolsas de pobreza e marxinación.

Da mesma maneira asumen a súa parte deste custo outras instituciones públicas e privadas: fundacións, organismos públicos, grandes empresas privadas, etc.

Finalmente, os recursos e as ideas serven para pouco sen a vontade das persoas. Este terceiro ingrediente, "o querer" é o máis abundante. Por todas partes se ve o grao de implicación das persoas, sinal de que aman o que fan e que son conscientes da importancia do seu empeño e da importancia que a cooperativa representa na vida dos seus socios. A eles quérolle adicar, con afecto e admiración, estas liñas.